


PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
LINGUA GALEGA E LITERATURA
CURSO 2021.22
1º ED. PRIMARIA



CEIP Plurilingüe
O MOSTEIRÓN

ÍNDICE:

- 1.- Introducción páx 2
- 2.- Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave páx 3
- 3.- Concreción para cada estándar: páx 5
 - Temporalización
 - Grao mínimo de consecución para superar a materia
 - Procedementos e instrumentos de avaliación
- 4.- Concrecións metodolóxicas páx 13
- 5.- Materiais e recursos didácticos que se van utilizarpáx 15
- 6.- Criterios sobre a avaliación e a cualificación..... páx 16
- 7.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente páx 18
- 8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes,
De ser o caso.....páx 20
- 9.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar
como consecuencia dos seus resultados páx 20
- 10.- Medidas de atención á diversidade páx 21
- 11.- Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso páx 22
- 12.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en
en relación cos resultados académicos e procesos de mellora páx 23
- 13.- Actividades complementarias.....páx 25

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Seguindo o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria para a Comunidade Autónoma de Galicia dentro da autonomía pedagóxica dos centros educativos mencionada no artigo 6, desenvólvense e complétanse o currículo e as medidas de atención á diversidade, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa. Todo isto farase tendo como referente o proxecto educativo do centro onde se enmarcan as características do centro e do alumnado en xeral.

Cabe destacar que o centro no que se enmarca esta programación didáctica é o CEIP Plurilingüe o Mosteirón, composto por 15 unidades, 3 de educación infantil e 12 de educación primaria (con rateo máxima de 20 alumnos/as). Conta con profesorado completo en base ao catálogo de postos de traballo.

A programación didáctica que se expón a continuación parte das premisas expostas nas resolución do 17 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato no curso académico 2021/22.

2.- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As **competencias clave** supoñen un elemento curricular fundamental á hora de adquirir novos coñecementos, xa que como establece o Decreto 105/2014 de currículo de educación Primaria, son a capacidade de poñer en práctica de forma integrada os contidos propios de cada área para lograr unha realización adecuada das actividades e a resolución eficaz de problemas.

Supoñen o desenvolvemento de capacidades máis ca a asimilación de contidos, aínda que estes estean presentes á hora de concretarse as aprendizaxes.

Teñen un carácter interdisciplinar e transversal, xa que integran aprendizaxes procedentes de diversas disciplinas académicas, sendo á súa vez, un punto de encontro entre a calidade e a equidade, xa que con elas inténtase garantir unha educación que dea resposta ás necesidades reais da época en que vivimos.

A través da área de **Lingua castelá e literatura** potenciarase a adquisición de todas e cada unha delas da seguinte maneira:

Competencia en comunicación lingüística (CCL): é a competencia máis relacionada ca área, xa que a linguaxe é o motor da comunicación, tanto oral como escrita. A través da área adquiriranse as normas de uso da linguaxe (oral e escrito) para o seu correcto uso en diferentes contextos, o coñecemento de diferentes tipos de textos (contos, descrições...) ou vocabulario específico.

Competencia para aprender a aprender (CAA): a través de metodoloxías que favorezan a autonomía do alumnado, os nenos e nenas iniciaránse na toma de decisións sobre como realizar as tarefas a levar a cabo, o acceso a novos coñecementos ou as estratexias a empregar para a resolución de dúbidas.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT): a través da adquisición de vocabulario específico (matemático e científico), así como da mellora na competencia lingüística, favorecerá a resolución dos problemas que se lle presenten tanto a nivel matemático como científico, así como na súa vida diaria.

Competencia dixital (CD): desenvólvese a través do uso de medios tecnolóxicos para a busca de información, tratamento da

mesma...

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): consiste na capacidade de transformar ideas e proxectos en actos, polo que desde esta área contribuírase á planificación, investigación e consecución dos obxectivos propostos a través da mellora na expresión e comprensión oral e escrita.

Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC): desenvólvese a través do traballo da lectura, comprensión e valoración de distintas obras literarias infantís.

Competencias sociais e cívicas (CSC): a través da mellora na expresión e comunicación oral e escrita, así como na adquisición de vocabulario, lograrase que o alumnado adquira soltura e autonomía nas relacións sociais así como na resolución de conflitos, favorecendo a súa integración na sociedade.

3.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR:

Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave para cada estándar.

TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

CURSO	21-22		
NIVEL	1º PRIMARIA	ÁREA	Lingua Galega e Literatura (LGL)

Criterio de avaliación	Estándares e mínimos	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación	
Bloque 1: Comunicación oral: falar e escoitar							
LG-B1.1	1º-LGB1.1.1 - Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.				X	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CCL CAA
LG-B1.2	1º-LGB1.2.1 - Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CCL CD CAA CSC
LG-B1.3	1º-LGB1.3.1 - Participa nunha		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LINGUA GALEGA E LITERATURA DE 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.					INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CAA CSC CSEIEE
LG-B1.3	1º-LGB1.3.2 - Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.	Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCL CAA
LG-B1.4	1º-LGB1.4.1 - Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Asemblea.	CCL CSC
LG-B1.4	1º-LGB1.4.2 - Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás.		X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CSC
LG-B1.5	1º-LGB1.5.1 - Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CSC CAA
LG-B1.5	1º-LGB1.5.4 - Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.	Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CSC CCEC
LG-B1.5	1º-LGB1.5.5 - Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita.			X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CSC CCEC
LG-B1.5	1º-LGB1.5.6 - Participa na conversa formulando e contestando preguntas.			X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCL CSC CCEC CAA
LG-B1.6	1º-LGB1.6.1 - Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Rúbrica. Cuestionario aberto.	CCL CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LINGUA GALEGA E LITERATURA DE 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

LG-B1.7	1º-LGB1.7.1 - Aмосa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.	Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rúbrica.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSIEE</p>
LG-B1.8	1º-LGB1.8.1 - Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega				X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rúbrica.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSIEE</p>
LG-B1.9	1º-LGB1.9.2 - Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.				X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	<p>CCL</p> <p>CSC</p>
LG-B1.10	1º-LGB1.10.2 - Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.				X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asemblea.</p>	<p>CCL</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>
Bloque 2: Comunicación escrita: ler							
LG-B2.1	1º-LGB2.1.1 - Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social.				X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Cuestionario aberto.</p>	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CSC</p>
LG-B2.1	1º-LGB2.1.2 - Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.	Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Cuestionario aberto.</p>	<p>CCL</p>

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LINGUA GALEGA E LITERATURA DE 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

LG-B2.1	1º-LGB2.1.3 - Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).			X	X		PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado.	CCL CAA CSIEE
LG-B2.2	1º-LGB2.2.1 - Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.	Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.	X	X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Producións orais. Cuestionario aberto.	CCL CAA CSC CSIEE CMCT
LG-B2.3	1º-LGB2.3.1 - Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.		X	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCL CAA
LG-B2.3	1º-LGB2.3.2 - Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.		X	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e proba específica INSTRUMENTOS: Proba de velocidade lectora e Escala de observación.	CCL
LG-B2.4	1º-LGB2.4.1 - Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.	Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.		X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CAA CSC
LG-B2.5	1º-LGB2.5.1 - Aмосa interese pola conservación e organización dos seus libros.				X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CAA CSC
LG-B2.6	1º-LGB2.6.1 - Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.		X	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCL CAA CSC CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LINGUA GALEGA E LITERATURA DE 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

LG-B2.7	1º-LGB2.7.1 - Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica dun xeito moi sinxelo, as súas preferencias lectoras.				X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	LG-B2.7
Bloque 3: Comunicación escrita: escribir							
LG-B3.1	1º-LGB3.1.1 - Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.	Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos e/ou libro do alumno/a.	CCL CSIEE CAA
LG-B3.1	1º-LGB3.1.2 - Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.			X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos e/ ou libro do alumno/a.	CCL CAA CSIEE
LG-B3.1	1º-LGB3.1.3 - Usa o punto nos seus escritos.			X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos e/ou libro do alumno/a.	CCL
LG-B3.1	1º-LGB3.1.4 - Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.				X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos e/ou libro do alumno/a.	CCL CSC CCEC
LG-B3.1	1º-LGB3.1.5 - Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximos á súa experiencia.				X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos e/ou libro do alumno/a.	CCL CAA CSIEE
LG-B3.1	1º-LGB3.1.6 - Compón textos relacionados coa escola: listaxes,			X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.	CCL CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LINGUA GALEGA E LITERATURA DE 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	descricións e explicacións elementais.					INSTRUMENTOS: Textos escritos e/ou libro do alumno/a.	CSIEE
LGB3.2	1º-LGB3.2.1 - Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).			X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CCL CAA
LG-B3.3	1º-LGB3.3.1 - Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.		X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos combinados con producións plásticas.	CCL CSC CCEC CAA CSIEE
LG-B3.4	1º-LGB3.4.1 - Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento.				X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CD CAA CSIEE
LG-B3.5	1º-LGB3.5.1 - Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido.	Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións dos alumnos/as.	CCL CD CSIEE
LG-B3.6	1º-LGB3.6.1 - Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Textos escritos. Rúbrica.	CCL CD CAA
LG-B3.6	1º-LGB3.6.2 - Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCL CSC
Bloque 4: Coñecemento da lingua							
LG-B4.1	1º-LGB4.1.1 - Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas			X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións orais dos alumnos/as INSTRUMENTOS: Cuestionario e probas específicas	CCL CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LINGUA GALEGA E LITERATURA DE 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

						con exercicios de palabras e sílabas.	
LG-B4.1	1º-LGB4.1.2 - Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.		X	X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as orais ou escritas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Exercicios de separar sílabas nunha palabra.</p>	CCL CAA
LG-B4.1	1º-LGB4.1.3 - Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.			X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das respostas dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolucións de exercicios de localización de nomes propios en frases ou textos breves.</p>	CCL CAA
LG-B4.1	1º-LGB4.1.4 - Sinala o xénero e número de palabras dadas.	Sinala o xénero e número de palabras dadas.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise de respostas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Exercicios escritos de contido gramatical.</p>	CCL CAA
LG-B4.2	1º-LGB4.2.1 - Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.			X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos.</p>	CCL CSC CCEC
LG-B4.3	1º-LGB4.3.1 - Recoñece a relación entre son e grafía.		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Ditados.</p>	CCL CAA
LG-B4.3	1º-LGB4.3.2 - Separa as palabras que conforman un enunciado.			X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Exercicios de separación e conteo de palabras.</p>	CCL CAA
LG-B4.4	1º-LGB4.4.1 - Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.				X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>	CCL CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LINGUA GALEGA E LITERATURA DE 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

Bloque 5: Educación literaria							
LG-B5.1	1º-LGB5.1.1 - Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.			X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos e/ou libro do alumno/a.</p>	CCL CAA CCEC
LG-B5.1	1º-LGB5.1.2 - Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.				X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rúbrica.</p>	CCL CCEC
LG-B5.2	1º-LGB5.2.1 - Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise da lectura dos alumnos.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	CCL CCEC CD
LG-B5.2	1º-LGB5.2.2 - Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.	Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e proba específica</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba de velocidade lectora e escala de observación.</p>	CCL CCEC CD
LG-B5.3	1º-LGB5.3.1 - Recrea e compón breves relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos e experiencias persoais.				X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Libro do alumno/a e /ou textos.</p>	CCL CCEC CSC
LG-B5.4	1º-LGB5.4.1 - Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rúbrica.</p>	CCL CSC CCEC
LG-B5.5	1º-LGB5.5.1 - Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rúbrica.</p>	CCL CCEC

4.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía de aprendizaxe nesta área está baseado nun enfoque centrado en potenciar as destrezas comunicativas básicas: falar, escoitar, ler e escribir. Se fundamenta na aprendizaxe competencial, incluíndo actividades individuais, colectivas(que faremos sempre seguindo as normas Covid), xogos e recursos on line que dan un sentido práctico aos coñecementos adquiridos vinculándoos co ámbito persoal, familiar e social do alumnado. Deste xeito prodúcese un achegamento intuitivo aos conceptos gramaticais, léxicos, ortográficos, etc., dun xeito lúdico e atractivo, cun aprendizaxe por descubrimento e multimetodolóxico que conecta cos diferentes graos de madureza e sistemas perceptivos do alumnado. O obxectivo desta metodoloxía é consolidar a aprendizaxe da lectoescritura, aumentar a capacidade de comprensión e produción de pequenos textos orais e escritos e fomentar o gusto pola lectura, a escritura e a expresión oral.

Ademais de contribuír ao desenvolvemento de habilidades orais e escritas e á aprendizaxe dos diferentes aspectos relacionados co uso da linguaxe e coa nosa cultura, esta metodoloxía motivadora:

- Contribúe a que o alumnado sexa máis reflexivo e crítico e que tome conciencia dos seus procesos mentais.
- Fomenta a participación e responsabilidade do alumnado xerando capacidades non só de comunicación senón tamén de cooperación.
- Ofrece situacións de crecemento persoal e social do alumnado.
- Promove as habilidades de emprendemento.
- Integra o uso das TIC para desenvolver a competencia dixital e como instrumento de lecer e busca de información.
- Axuda ao alumnado a participar na avaliación da súa aprendizaxe.

Actividade lectiva presencial.

As sesións de Lingua e literatura galega variarán en función do tipo de traballo que se vaia facendo. O primeiro trimestre se traballa sobre todo o bloque de lectoescritura e se inicia o traballo coas actividades de comunicación oral, competencia lectora, escritura, do obradoiro de xogos e competencia comunicativa . Xa no segundo e terceiro trimestres, cun maior manexo da lectoescritura, deixamos ese bloque para centrarnos nos outros. A secuencia xeral de traballo é a seguinte:

- En primeiro lugar faremos **fase de activación** cunha presentación do tema, letra, texto.... que nos permite detectar coñecementos e experiencias previas coas achegas orais do alumnado.
- En segundo lugar **iníciase a fase de dinamización** coa realización das actividades do libro do alumno, as orais e material complementario.
- Remataremos as sesións con actividades que resuman o aprendido (**fase de reflexión**).

Momento lector: tódolos días despois do recreo, faise unha sesión de lectura, simultaneamente en tódalas aulas, que axuda a espertar o interese e gusto pola lectura e a mellorar a competencia lectora e lingüística do alumnado. Traballaremos con diferentes tipos de texto, algúns deles en lingua galega, que poidan responder aos seus variados intereses. Tamén faremos distintos tipos de lecturas: individual, grupal, guiada ou libre, ben cos libros da biblioteca do centro ou aula, os do itinerario lector....

Libro de texto: Lingua +: Tarefas e destrezas comunicativas .Autores: Varios. Editorial: Santillana . Ano de publicación: 2018 . ISBN: 978-84-9972- 931-2. Idioma: Galego. Ano de implantación no centro: 2018.

Actividade lectiva semipresencial.

No caso de que teñamos que combinar o traballo presencial e a distancia, porque parte do grupo ou algún alumno/a estea na casa, a metodoloxía rexerase polos mesmos principios xerais que a presencial, seguindo a mesma programación. O alumnado que deba permanecer na casa e se atope en condicións de saúde, poderá seguir as clases facendo as mesmas actividades que os compañeiros/as da aula nos seus libros, ben en papel ou coas claves dixitais. Estas actividades poñerémolas ao seu alcance na Aula virtual e terán o noso apoio a través do correo electrónico, Abalar e teléfono.

Actividade lectiva a distancia.

No caso dun novo confinamento ou corentena de todo o grupo, o contacto con alumnado e familia e seguimento das clases, farase a través dos seguintes medios:

- Páxina web do centro e nela, a aula virtual. As familias recibirán a

información oportuna sobre as tarefas a realizar, igual que no escenario semipresencial, e cando deben entregar as tarefas rematadas. Como nos outros escenarios, o profesorado planificará unha secuencia de actividades e recursos que resulte atractiva e motivadora e fará un seguimento e avaliación constante tanto dos avances do alumnado como da propia planificación , para introducir os cambios que sexan necesarios e dar resposta a tódalas necesidades que poidan xurdir.

■ Manteremos o contacto coas familias a través do correo electrónico, Abalar, teléfono ou videochamadas, de ser posible.

5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Como adoitamos facer nesta materia, e debido á metodoloxía e ao tipo de contidos que se imparten, faremos moito traballo oral, pero tamén escrito e empregaremos multitude de recursos e materiais, entre eles:

- Encerado tradicional e dixital.
- Material funxible: folios, cartolinas, lapis e ceras...
- Fichas fotocopiadas.
- Láminas e tarxetas de normas ortográficas, de comunicación oral, de vocabulario....
- Revistas
- Recursos dixitais educativos como páxinas de contos, audios e videos interactivos, cancións, web de Santillana, xogos e aplicacións interactivas.
- Biblioteca do centro.
- Ordenador, radio escolar, ..
- Producións plásticas
- Biblioteca de aula e centro
- Xogos didácticos e lúdicos.
- Materiais curriculares: Libros de texto da Editorial Santillana e no seu defecto, dixitais. (facilitarase a licenza dos mesmos)
- Materiais curriculares de elaboración propia.
- Recursos educativos da web de Santillana..
- Enlaces a xogos, contos e vídeos doutras aplicacións interactivas.

6- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado **será sistemática, continua, global, formativa e integradora**, polo que terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición de competencias clave.

Terá en conta as avaliacións **inicial, continua, formativa e final** sen esquecer a nosa propia autoavaliación.

Os criterios sobre a avaliación serán os recollidos no Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais tomará como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe. Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita adaptación

De resultar desfavorable a avaliación, o equipo docente adoptará as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas, coa finalidade de permitir superar as dificultades detectadas, sempre en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	INSTRUMENTOS UTILIZADOS
<p>O 100% da nota será a consecución total de todos os estándares que se refiren tanto a contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas, como á realización do traballo na clase e á valoración de actitudes na aula: participación, colaboración, ...(Ver punto 3).</p>	<p>Observación sistemática. Posta en común e asembleas . Probas escritas e/ou orais. Análise de producións plásticas, escritas e orais. Resolución e resposta aos traballos diarios no libro do alumno/a. Rúbricas Escalas de observación Etc..(ver punto 3)</p>

Tanto os estándares, como os mínimos e os procedementos e instrumentos de avaliación, aparecen reflectidos no punto 3 desta programación. A recuperación da materia suspensa terá lugar avaliación a avaliación. A nota da avaliación ordinaria será a mesma nota da terceira avaliación ou máis alta.

En función dos seus resultados, as **cualificacións do alumnado** rexístranse mediante número (1,2,3,4,5,6,7,8,9,10) e do seguinte xeito: In (Insuficiente), SUF (Suficiente), BE (Ben), NT (Notable) e SB (Sobresaínte).

Os criterios de cualificación en caso dun escenario semipresencial ou non presencial seguirán sendo os mesmos da avaliación ordinaria presencial, agás nos estándares que se refiran á participación directa e oral nas actividades da aula. O mesmo sucederá cos instrumentos. Serán os mesmos agás a observación sistemática, algúns intercambios co alumnado, asemblea ou posta en común, ou as probas específicas escritas, que poderán ser substituídas por fichas, tarefas, actividades ... que deberán ser entregadas no prazo estipulado. Tamén manteremos contacto continuo coas familias e os nenos/as para completar esa información que nos aportan as tarefas realizadas que nos envíen .

REQUISITOS DE PROMOCIÓN

1º- Se un alumno/a é avaliado negativamente nas áreas troncais de Lingua Castelá e Literatura ou Lingua Galega e Literatura e Matemáticas non poderá promocionar ao curso ou etapa seguinte.

2º- Se un alumno/a é avaliado negativamente en tres áreas ou máis, sendo unha delas Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura ou Matemáticas, non poderá promocionar ao curso ou etapa seguinte.

7.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Para a avaliación da nosa programación e a nosa práctica docente establecemos unha serie de indicadores que son os seguintes:

INDICADORES AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1. Adecuación aos resultados obtidos na avaliación inicial.
2. Adecuación das actividades ás características e intereses do alumnado.
3. Secuenciación e temporalización dos contidos das unidades didácticas/temas.
4. Realización das actividades programadas.
5. Adecuación destas actividades aos intereses do alumnado.
6. Metodoloxía empregada.
7. Recursos didácticos e materiais empregados.
8. Adecuación dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe e instrumentos de avaliación.
9. Medidas atención á diversidade adoptadas, de necesitarse.
10. Actividades complementarias e extraescolares levadas a cabo.

En función do análise de todos estes indicadores teremos que ir facendo as modificacións oportunas en calquera dos aspectos recollidos, para optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe. Para iso, na práctica diaria, en cada unidade didáctica e trimestralmente, de ser o caso, tomaranse as decisións que se consideren.

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

PROGRAMACIÓN E PLANIFICACIÓN

1. A planificación axústase aos estándares de aprendizaxe previstos.
2. A planificación ao tempo dispoñible.
3. A selección e secuencia de contidos ten en conta as particularidades do alumnado.
4. As actividades e as estratexias metodolóxicas foron axeitadas.
5. Planifica as sesións de clase de modo flexible.

DESENVOLVEMENTO

1. Resumimos e repasamos os conceptos básicos antes de pasar aos seguintes.
2. Relacionamos conceptos novos, se é posible, cos xa coñecidos.
3. Invertemos tempo en aclarar dúbidas e repasar.
4. Utilizamos recursos variados para apoiar os contidos na aula e facilitar a súa aprendizaxe.
5. Formulamos actividades variadas .
6. Promovemos o traballo cooperativo e mantemos unha comunicación fluída co alumnado.
7. Damos resposta ao alumnado que presenta diferenzas na aula.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

1. Realizamos a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel do alumnado.
2. Identificamos os coñecementos previos do alumnado para tomalos como punto de partida.
3. Facemos avaliación continua dos traballos propostos na aula e fóra dela.
5. Propoñemos situacións de aprendizaxe integradoras que garantan a

participación de todo o alumnado.

6. Favorecemos os procesos de autoavaliación e coavaliación.
7. Utilizamos diferentes técnicas e instrumentos de avaliación en función das situacións de aprendizaxe formuladas.
8. Mantemos comunicación fluída coas familias sobre o proceso de aprendizaxe dos alumnos/as.

8.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, DE SER O CASO

Como nos situamos no primeiro nivel de E.P., non temos alumnado con materias pendentes nin tampouco ningún alumno/a que permaneza un ano máis neste curso, se ben temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Para que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo ao que se refire o artigo 71 da lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu axeitado progreso.

9.- DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Ao inicio de curso comprobaranse os coñecementos previos dos alumno/as mediante unha avaliación inicial cuxos resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, en consecuencia, non afectará ás cualificacións dos alumnos. Esta información contará cunha referencia para adecuar o nivel de esixencia dos estándares de aprendizaxe e as orientacións metodolóxicas ó nivel de competencias rexistradas no alumnado. Así mesmo servirá para, unha vez contrastada cos outros mestres do grupo da xunta de avaliación inicial, decidir que medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade se levarán a cabo.

Os instrumentos para realizar dita avaliación poden ser un ou varios dos seguintes:

- Observación sistemática do traballo e actitude nos primeiros días de clase.
- Análise dos informes da etapa e curso anterior, neste caso 6º de Ed.Infantil..
- Probas escritas, xogos orais e observación directa para as competencias lingüística e matemática.
- Observación directa, xogos e actividades orais o resto das materias.

Esta avaliación inicial será o punto de referencia do equipo docente para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, da elaboración desta programación e para a súa adecuación ás características e coñecementos do alumnado.

O equipo docente, como consecuencia do resultado da avaliación inicial, adoptará as medidas pertinentes de apoio, ampliación, reforzo ou recuperación para aqueles alumnos e alumnas que o precisen ou de adaptación curricular para o alumnado con necesidades específica de apoio educativo.

No caso de que a raíz da avaliación inicial atopemos alumnado con necesidades de reforzo educativo, levarase a cabo un plan individual adaptando os elementos necesarios. Nun primeiro momento propoñeremos medidas como afianzar aprendizaxes instrumentais que non foron totalmente adquiridas na ed. Infantil, e tratar de afianzar as que empezamos a traballar agora, reforzándoas, tanto na aula como en colaboración coas familias. A medida que avance o curso, poderemos retomar contidos de actividades ou unidades anteriores de ser o caso, cambiando a secuenciación dalgunha tarefa, cambios na avaliación, adaptación das actividades propostas, eliminación das repetitivas prestando axuda na súa realización ou na toma de decisións, dando explicacións mais individualizadas... Se estas medidas resultasen insuficientes buscaríamos o apoio e asesoramento do D.O.

10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade establecen axuda educativa personalizada como un garante da igualdade de oportunidades para todos os alumnos e alumnas. Esta

atención personalizada pode realizarse para a maioría do alumnado no día a día da nosa práctica docente, e debe atender á diversidade de intereses, motivacións e capacidades dos alumnos e alumnas. Sen embargo, en ocasións, as necesidades educativas dalgúns deles demandan un plan de atención que inclúa actuacións tanto de carácter curricular como organizativo.

Medidas ordinarias.

Son as accións encamiñadas á modificación dos elementos non prescritivos do currículo. Son adaptacións en canto a tempos, actividades, metodoloxía, tipoloxía de exercicios, reforzo educativo... Están destinadas ao alumno/a que en calquera momento do proceso educativo, ou logo dunha avaliación, precise delas para garantir a adquisición das aprendizaxes e contidos fundamentais da materia. Será o mestre desta área co apoio, se cabe, doutro mestre designado polo equipo directivo con dispoñibilidade horaria, o que se encargue de levalo a cabo. O mestre da área deseñará as medidas a tomar, coa orientación do D.O, e informará ao equipo directivo e á familia, e fará un seguimento trimestral do mesmo. Tamén se inclúen nesta categoría os programas de reforzo de actividades encamiñadas á profundización e enriquecemento para aqueles alumnos que amosen un alto rendemento.

Medidas extraordinarias.

Son aquelas medidas que afectan aos elementos prescritivos do currículo e que se levarán a cabo de forma individual co alumno/a unha vez esgotadas as medidas ordinarias de atención á diversidade. No caso de ser necesario, solicitaremos a colaboración do Departamento de Orientación e dos especialistas de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe. Tamén contamos coa posibilidade de pedir axuda o E.O.E. (equipo de orientación específica).

11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

O D.105/2014, polo que se establece o currículo da educación primaria en Galicia establece no artigo 11 unha serie de elementos transversais, que aínda que son tratados de xeito específico nalgunha materia máis afín, deben ser traballados de forma transversal en

tódalas disciplinas: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional.

Así pois, en **Lingua Galega e Literatura** traballaremos:

- A comprensión lectora a través de diferentes tipos de textos, contos, libros, xornais, búsqueda de información,...
- A expresión oral e escrita con debates, asembleas, presentacións, intercambios de información, expresión de emocións, sentimentos....
- A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación son unha fonte de recursos moi importante na materia, sobre todo polo uso diario dos libros e recursos dixitais da editorial, ao tempo que permiten facer actividades online, uso da radio do centro, uso da aula virtual...
- Emprendemento e a educación cívica e constitucional está presente na toma de decisións, no traballo oral, no respecto ás opinións alleas, e no desenvolvemento que cada alumno/a fai da actividade poñendo en xogo as capacidades de iniciativa e creatividade. Ademais os contidos relacionados coas linguas sempre teñen un compoñente social, polo carácter instrumental da lingua falada e escrita como vehículo para o coñecemento, a expresión e a socialización.
- Ademais este ano desenvolveremos un novo PDI relacionado coas diferentes etapas da Historia, no que é moi importante a investigación e o uso das Tic., e que fomenta en por sí tódolos elementos transversais xa citados.

12.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA .

No noso centro levamos a cabo mecanismos de revisión, avaliación e modificación destas programacións co fin de optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe do noso

alumnado. Para iso, precisamos a coordinación do **equipo docente do nivel**, deste cos **órganos de goberno** (equipo directivo) e cos **órganos de coordinación docente** (CCP, claustro, departamento de orientación).

Respecto aos criterios sobre a **coordinación interna do equipo docente**, pódense considerar os seguintes indicadores:

- Valoración de tarefas realizadas
- Necesidades de coordinación atendidas
- Grao de consecución acadado nos obxectivos propostos ao inicio de curso.

Respecto aos criterios sobre o **desenvolvemento da programación**, repercusións e colaboración co centro, pódense considerar:

- Uso dos recursos do centro
- Intercambio de documentos e materiais co resto do centro
- Adquisición de novos materiais para o centro e para os diferentes niveis.

Todo isto permite planificar as tarefas e actividades, a dotación e distribución de recursos e materiais, manter o ambiente de traballo e a participación, así como mellorar a atención á diversidade. A valoración destes aspectos efectuarase a través diferentes mecanismos:

1) Nas **reunións de niveis**, analizarase o grao de cumprimento da programación, as dificultades que vaian xurdindo e os cambios que se vaian adoptando, que deberán quedar recollidos na correspondente acta de nivel e poderán ser obxecto de debate tamén cos outros niveis, nos **órganos de coordinación docente**.

2) En cada avaliación os **membros do nivel** analizarán a consecución dos obxectivos previstos, as cualificacións do alumnado , as estratexias metodolóxicas, as actividades que se van realizando co fin de optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe.

3) Xa no mes de xuño, na **memoria final del curso**, o equipo docente onde se verá o grao de eficacia obtido ao aplicar a programación durante todo o curso. É pois, na memoria final, onde se determinarán os aspectos que se consideran positivos e os aspectos que se consideran negativos e, polo tanto, alí explicarase o que hai que modificar ou manter: temporalización, materiais empregados, metodoloxía, adecuación

dos criterios de avaliación e cualificación, instrumentos e procedementos de avaliación...

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Intentaremos realizar, se as circunstancias o permiten, un **roteiro ou andaina** trimestral, para o coñecemento da contorna máis próxima ao noso centro, como xa se fixo a curso pasado, e que foron actividades valoradas moi positivamente por alumnado e familias.
- Tamén participaremos nas **conmemoracións** establecidas na **Orde do 19 de maio de 2021** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/2022 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia: Día Universal da Infancia, Día contra a violencia de xénero, Día internacional das persoas con discapacidade, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Día Internacional da educación.....
- Igualmente participaremos noutras **propostas do centro** para este curso, que polo momento son:
 - Carreira ENKI
 - Programa Voz Natura.
 - Contratos Programa que se van solicitar, no caso de concedelos: Edu-Saúde, Convive-T
 - PDI:A máquina de Tempo.

Estas saídas poden ser modificadas atendendo tanto ao currículo como a situación sanitaria provocada pola COVID 19.